



Emoción para ensinar música: o percorrido dun profesor exemplo de boas prácticas

Teaching music with emotions: training and experience of a teacher example of good practices

Lucía Casal de la Fuente
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo

Como saber se un profesor ou profesora é exemplo de boas prácticas? Traballo nunha investigación na que intentamos dar resposta a este interrogante analizando unhas 100 prácticas na Educación Infantil. Neste texto expoño o recorrido dun profesor, seleccionado para a mostra deste proxecto, e analizo a súa narrativa e pensamento, expoñendo as claves que xustifican a súa didáctica. Os resultados encamiñan as decisións pedagóxicas baixo a influencia dun pedagogo que o marcou de por vida, Willems, e das propias vivencias escolares. As ganas de innovar e cambiar o que non funciona na didáctica da música son o aliciente deste profesor.

Palabras clave: estilos docentes, docencia reflexiva, educación infantil, educación musical, prácticas educativas.

Abstract

How can we know if a teacher is “example of good practices”? I take part in a research in which we try to answer to this question by analyzing about 100 practices regarding Early Childhood Education. Here I expose the itinerary of a teacher, and I analyze his narrative and thinking, presenting the keys that justify his didactics. The results guide the pedagogical decisions under the influence of both a pedagogue that marked him for life, and his life lessons from school memories. The willing to innovate and change traditional music teaching and education, are the incentives of this teacher.

Keywords: teaching styles, reflective teaching, early childhood education, music education, educational practices.

Introdución

Co proxecto de investigación “Diseño Curricular y Buenas Prácticas en Educación Infantil: una visión internacional, multicultural e interdisciplinar” estamos a identificar, recoller e compartir un cento de experiencias fundamentadas que están a destacar por todo o mundo no ámbito da Educación Infantil debido á súa singularidade e que, ao entender do gran grupo de investigación que o desenvolve, integrado por 9 universidades españolas e

outros grupos de investigación estranxeiros, son consideradas boas prácticas docentes.

Dende o Grupo GIE-USC (Grupo Interuniversitario de Estudios) presento o caso “A maleta de Tomás”, que narra a historia dun profesor de música cunha traxectoria moi particular. É obxecto desta comunicación presentar a súa historia de vida, destacando os puntos máis salientables dos tres primeiros bloques que inclúe o principal instrumento utilizado para a recollida de datos, a entrevista semiestructurada, que conta con 7 bloques diferenciados que se detallan no subapartado “Instrumentos” do apartado “Método”. Isto permitiranos coñecer os perfís e rutas seguidas para descubrir quen está detrás das boas prácticas: quen son, como pensan, que períodos formativos e experiencias viviron, como foron construíndo o seu ideal instrutivo e educativo... e en definitiva, fiar os momentos clave para construír as historias de vida que os foron configurando como profesionais e que en parte xustifican a forma en que entenden os procesos de ensino-aprendizaxe.

As historias de vida son, ao mesmo tempo, un método e un instrumento útil para unha gran cantidade de disciplinas derivadas das Ciencias Sociais, aínda que ben é certo que non todas se organizan, son usadas ou se aproveitan do mesmo xeito (Ávila, 2007). Pero abofé que as narrativas como útiles en investigación foron espallándose por toda a xeografía mundial (Barbosa, Annibal, Nicacio & Bolderine, 2014). Coa realización desta entrevista fomos quen de profundar na historia de vida do profesor-estrela que ocupa este texto, que sen dúbida repercutiu na súa forma de ser e de entender a docencia, ocupación principal que exerce neste momento. A súa vivencia persoal, de man dos seus percorridos e experiencias foi configurando o seu ideario, que indubidablemente tivo moito que ver no xeito de planificar e impartir as súas clases, así como de entender a tarefa de ensinar. Aínda que a relación entre pensamento e acción non é lineal, así demostrado por estudos sobre o pensamento do profesorado, a interacción entre as crenzas e a práctica docente está fortemente documentada (Murray e McDonald, 1997; en Zabalza, 2012). Con todo, a concordancia crenzas-prácticas parece inestable (Zabalza 1988, 2009; en Zabalza, 2012). Traballo do propio Grupo GIE-USC (*Effective Early Learning* ou estudos específicos sobre a calidade da Educación Infantil en Galicia; en Zabalza, 2012) apuntan á importancia do coñecemento e crenzas

dos profesionais da educación á hora de deseñar o seu traballo. Toda acción é unha realidade que bebe da obxectividade e subxectividade á vez, pois é conduta e pensamento, algo que se fai e que ten un sentido, un acto persoal pero tamén unha realidade cultural. Esta formulación reforzouse máis aínda coa teoría da acción razoada de Hale e outros, desenvolta máis tarde por Fishbein e Azjen (Zabalza, 2012). Desta maneira, só mergullándonos nos percorridos formativos e de experiencia do profesorado seremos quen de penetrar no sentido do seu labor, entender as razóns que o motivan a traballar dun xeito concreto, etc.

Método

A narrativa singular e individual como método (Barbosa et al, 2014) dános a oportunidade de acceder á historia contada polo noso protagonista.

Participantes

Nesta ocasión na entrevista estiveron presentes dúas persoas: o profesor e a entrevistadora, neste caso a persoa que firma este escrito.

Instrumentos

Cun deseño de investigación de corte cualitativo, os instrumentos fundamentais que foron usados para esta indagación son a observación e a entrevista semiestructurada, previamente elaborada e consensuada con membros do equipo. Esta entrevista desdóbrase en 7 grandes bloques: datos de identificación, aspectos xenéricos (resumo biográfico), itinerario formativo, datos concretos sobre a boa práctica, exemplo dunha sesión, impacto da boa práctica e preguntas de clausura. O esqueleto que presenta a entrevista sérvenos para recuperar o pensamento do profesorado que intervéñe e é exemplo dunha boa práctica dada, atendendo ás descrições, valoracións, concepcións e teorías prácticas (Zabalza, 2012). Como ben se indicou na “Introdución”, esta comunicación incumbe aos tres primeiros bloques.

Procedemento

Pouco despois da miña incorporación no proxecto de investigación, e unha vez coñecidos os criterios de selección das boas prácticas, non dubeidei en pensar en Tomás Rábanos, o noso protagonista. Coñecino como alumna da Escola de Música Alfaia hai xa moitos anos, e posteriormente chegamos a ser compañeiros docentes da mesma escola. E ata nalgún momento substituíno cando os seus labores como formador os levaron a ter que ausentarse da escola en certos días. Así, a mediados de 2013 púxenme en contacto con el e coa directiva da escola, para explicarlles o interese que supoñía o caso de Tomás para o noso proxecto. Para a escola foi todo un cumprimento e para Tomás, un recoñecemento engadido. Aceptouse a participación no proxecto con gusto e firmáronse as autorizacións e protocolos preestablecidos para coa investigación. Máis adiante, realizouse a entrevista en dous ocios dos que Tomás dispoñía, entre clase e clase, na Escola de Música Alfaia, que amablemente me cedeu. A entrevista foi realizada en dúas sesións dunha hora de duración cada unha: unha o 18 de febreiro de 2014 e outra o 4 de abril do mesmo ano.

Resultados

Os resultados elicitados dos tres primeiros bloques da entrevista, tal e como se indicou máis arriba, foron categorizados para poder ser expostos dunha forma máis clara. Nos seguintes subapartados irémolos detallando.

Datos de identificación. Tomás Rábanos Muro naceu en Nájera (La Rioja) o 11 de xullo de 1961 pero actualmente reside en Lamas (Ames). Profesionalmente defínese como profesor de música, asinoterapeuta e musicoterapeuta. Está casado e ten un fillo que pouco pasa da maioría de idade.

Formación. Estivo na escola ordinaria ata os 12 anos, idade en que comezou a traballar nunha fábrica. Alí permaneceu 9 anos máis para despois desprazarse ata Compostela, onde decidiu cursar un FP2 de Cociña na rama de Hostalaría mentres estudaba no conservatorio. Antes de acabar estes estudos de formación profesional, e por diversas coincidencias e circunstancias que se deron na súa vida, caeu na conta de que o seu sendeiro era a música e a docencia. Explorando o camiño neste eido, descubriu a pedagogía musical de Edgar Willems, da cal namorou, e decidiu ir a París a estudar Musicoterapia e a metodoloxía Willems. A partir de aí realizou diferentes cursos intensivos en Musicoterapia e en Psicología Infantil na Universidade de Nebrija. Recibiu tamén instrución durante un ano da metodoloxía Kodály en Budapest, chegando a viaxar tamén a Xenebra para estudar a pedagogía musical *darlcroziana*, mentres subsistía traballando de cociñeiro. En Suíza viviu un ano completo. O segundo curso desta pedagogía rematouna en Barcelona. Aínda así, nunca enfocou as súas clases baixo a óptica *dalcroziana*, pois baséase moito nos movementos, pero con control... “*pero sin embargo me llenó de alegría para mis cosas, a veces no tienes que hacer lo que aprendes pero te alimentas con conocimientos*”. Posteriormente e espallados no tempo tomou diferentes cursos de dirección coral. No Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela completou os estudos ata 6º de percusión clásica e estudou 7 anos de saxofón (saxo tenor), mais tivo que deixalo por problemas nas cervicais: “*yo soy pequeño, y me fastidió [...] y lo tuve que dejar después de ocho años*”. O piano tamén o toca pero como instrumento complementario, como apoio nas súas clases, para acompañar coros, etc.

Biografía. Nacido nunha familia humilde de labradores que non sabían nin ler nin escribir “ *aunque sí firmar*” -recorda- non rematou a EXB. Con 12 anos empregouse nunha fábrica, algo habitual no pobo no que vivía: “*con 12 si no querías estudiar te ibas a trabajar, sin Seguridad Social y 10 horas de trabajo [diarias]*”. Por circunstancias da vida chegou de peregrino a Santiago de Compostela aos 22 anos. Saíu con 500 pesetas e foi capaz de chegar coa mesma cantidade á capital galega. “ *Descubrí la bondad del mundo. Fue un viaje que viví solo y fruto de los demás y de la ayuda de los demás. No quiero echarme flores, yo tenía mi cuenta corriente, pues trabajaba en una fábrica, podía haber ido a Burgos y sacar dinero, luego a Ponferrada y sacar dinero, pero yo me propuse en la medida de lo posible no hacerlo, y salir lo más desnudo posible*”.

Consecuentemente, opina que os grandes pasos nesta vida a veces dependen da nudez de cada un. *"Vine a Santiago de Compostela para ser cocinero. Empecé Hostelería, pero al segundo año ya vi que este era el pastel que me tocaba vivir. Me descubrió (y digo que me descubrieron porque yo por mí no hubiera dado un paso hacia adelante) Sally Albaugh, una americana, que trabajaba en el Conservatorio Histórico de Santiago".* Sally foi a súa profesora nun curso sobre pedagogía musical ao que asistiu el como alumno no Conservatorio Histórico de Santiago de Compostela. *"Me lo pasé muy bien, jugamos mucho a juegos tradicionales, era una pedagogía muy chula. Y encontré en mí a un niño (bueno, lo encontré Sally, que me dijo: 'venga, vente para acá')".* quen lle diría naquel momento que máis adiante daría clase nese mesmo conservatorio durante un ano sen ningunha titulación! Rematada a súa preparación como hostaleiro e a partir dos 23 anos todo foi á prèsa: *"con 25 ya estaba formando a formadores y tampoco yo me explicaba por qué, pero yo lo admitía, y te lo digo así como lo siento, si me llaman, voy. Evidentemente unas veces lo hice mejor y otras peor, pero siempre lo suficientemente bien porque me siguieron llamando [...] Siempre creo que al mes siguiente me van a dejar de llamar pero así me lleva pasando 30 años".*

Máis de 20 anos despois, vese impartindo cursos de Musicoterapia, incluso nas fins de semana. E aínda que opina que é moito traballo, asúmeo con moito pracer, pois na formación de formadores séntese moito cómodo. E así leva 28 anos tendo por sustento a docencia na música; e dende 2011 realiza na súa casa asinoterapia con música, pois afirma sentirse incapaz de deslizar esta última de calquera actividade que faga. Asinte que foi a vida a que o definiu tamén como musicoterapeuta hai uns 15 anos, sentíndose especialmente vinculado á discapacidade.

O paso pola escola. *"Mi paso por la escuela fue un desastre absoluto. Yo siempre digo que si había 10 asignaturas yo suspendería 18".* As únicas materias que aprobaba eran música e literatura. Recordaba con simpatía que os profesores pensaban que copiaba as poesías que el mesmo escribía con 9 anos. Describe as lembranzas da súa escola como un pesadelo, pois ademais de ser moi directiva (a escola característica do franquismo) el era moi soñador e despistado. *"Los profesores pegaban, insultaban... y de hecho cuando me ofrecieron la posibilidad de ser profesor -¡Hombre no fue en venganza, Dios mío!- pero pensé: venga, voy a ser un profesor que le dé la vuelta a la tortilla. Y bueno, fue un sueño, pero ahora ya son 30 años de sueño".* Conceptualmente podemos subtraer de aquí que Tomás quixo converter as súas prácticas docentes en "praxes", que tal e como as entendía Freire (1970), tratábase de prácticas baseadas na reflexión e acción das persoas sobre o mundo para transformalo. E esa era a súa intención, cambiar as cousas para intentar fácelo o mellor posible.

O momento formativo que máis impacto tivo no seu proxecto de vida. Sen dúbidoal un segundo Tomás aprendeu dous instantes clave que máis o conmovieron a nivel profesional: o contacto con Sally Albaugh, coa cal estudou o método Kodály durante 9 meses e grazas á cal

achou a paixón polo ensino; e o descubrimento da metodoloxía Willems, que foi a que o puxo realmente no seu sitio, aínda que admite ter pasado por intres de dúbidas nas que se cuestionaba se seguir coas cazolzas e tixolas ou quedarse na pedagogía musical...

Dalcroze, Kodály, Suzuki, Montessori... gustáronlles e aporáronlle moito *"pero Willems fue como: ¡Bum! Me fascinó. Las bases psicológicas de la Educación Musical, el valor humano de la Educación Musical, el aprendizaje evolutivo del lenguaje y de la lectoescritura en paralelo a la música... todo eso me hizo perder la cabeza. Entonces corrí a París, Oviedo, Barcelona...".* Era un fascinado da ideoloxía de Steiner, de todos os Humanistas, pero en Galicia non había opcións para formarse e tivo que ir a Bilbao, a "Juventudes Musicales", 8 fines de semana puntuais para formarse na metodoloxía Willems. Iso fixo que se preguntase a si mesmo: *"¿Pero esto dónde se estudia? De ahí que tomara a decisión de irse a París tres años. E pasada esta fronteira de Willems xa nunca a deixará, non entende a súa profesión nin a súa vida doutro xeito. Deste xeito foi tecendo o seu propio coñecemento, usando diarios de aula durante 25 anos da súa vida, "y desde hace 5 años tengo mis libretas".* Estes cadernos axudáronlle a preparar as clases, pero admite que xa non as prepara dunha forma tan exhaustiva como si facía anos atrás. Recentemente preguntáronlle se preparaba as clases e contestou: *"no las preparo porque yo vivo en una clase continua. Hombre, no tengo el vicio del trabajo, es mejor no tenerlo, porque creo que es más sano. Sales, y hay otra vida. Pero vivo en una clase continua en el sentido que tengo 170 alumnos y es que los tengo a todos en mi cabeza. Entonces, el día anterior pienso mucho en ellos, en el coche, mientras me afeito... y sé que Lucia necesita ritmo, que Jorge necesita lectoescritura... y todo eso, con todo este material, va a ocurrir. Y luego eso sí, los hallazgos de cada día los escribo todos los días, porque siempre hay hallazgos milimétricos. Y si los escribes, pasan 3 ó 4 años y tienes unos diarios enormes, que ahora me permiten enseñar a gente joven y es maravilloso. Construyo mi propio conocimiento".*

Os momentos máis especiais na súa carreira. Ter coñecido a Sally cambiou a súa vida e a dirección da súa profesión: *"sucedí una cosa muy curiosa, fue como en las películas. Al tercer año que dudé me iba a hacer Hostelería a París para ser maestro chocolatero, a veces lo pienso y digo 'tendría que hacer algún curso de chocolate'. Cuando iba a ir a París había mandado ya mis 3 maletas a La Rioja -yo me iba a París con 5 maletas en total- y bajaba con 2 a Renfe... y encontré a Sally en [la calle del] Hórreo, y me preguntó si quería quedarme para trabajar en Estudio Escola de Música. Y fue una locura, no fue un pensamiento lógico, yo llevaba años estudiando Cocina... ¿para qué me iba a meter en algo que no conocía de nada? Sin embargo cerré los ojos y en un minuto le dije a Sally: 'un minuto, cinco minutos...'. Y con las maletas le respondí: 'sí, me quedo'. Y ya vi que mi vida iba por otros derroteros".* Aínda así decidiu rematar Hostalaría, mais este momento o define como "crucial", porque a Sally tampouco a coñecía tanto, só dun cursoño... el ía ir a París a ser mestre

chocolateiro, *"posiblemente hubiese ganado mucho dinero... pero yo cerré los ojos y algo me dijo que me tenía que quedar. Y justo al año siguiente conocí a mi mujer. Lo hice con consciencia, dije: 'venga, lo más arriesgado'. Y sí, ese sería el momento realmente crucial",* momento que rompeu os seus plans de forma afortunada.

O seguinte momento foi cando o seu fillo tiña graves problemas de saúde: *"no se ha muerto, pero en aquel momento se estaba muriendo, y le cantaba, cuando no sabía qué hacer".* De relixión católica confesábase non practicante dende hai moitos anos, polo tanto non cría que axeonllarse sería a solución... *"entonces empecé a cantarle y luego le dije a mi mujer que viniera conmigo y le cantábamos; y a partir de ahí hubo un antes y un después... a partir de ahí vino la Musicoterapia".*

Cando estaba estudando fíxose socio dunha revista cuxa temática central era a música e a terapia. Chegou a ter 100 fascículos que nunca leu e que ocupaban cada vez máis sitio no andel. *"Y nunca me saltó la historia de la Musicoterapia, pero después de lo de mi hijo sí. Y sin pensar, todo esto sin razonarlo. Entonces no sé por qué, después de cantarle a mi hijo, luego vino un enfermo a clase, luego otro y otro... y ahora ya estoy metido hasta aquí [sinale a súa fronte coa súa man]: con Autismo, Alzheimer, Síndrome de Down, psicóticos, esquizofrenias, depresiones... pero el origen estuvo ahí. [...] Mi hijo me llevó a las esferas más altas para trabajar en la discapacidad".*

Facilidades e dificultades atopadas na traxectoria profesional. Por unha banda, entre as facilidades que verbaliza de si mesmo para a súa profesión realza a forma desmesurada na que se entrega ás persoas coas que traballa, o cal vai en contra del moitas veces, algo que non lle preocupa porque *"ha sido más para bien que para mal: vuelvo a decir, cuando hice el Camino de Santiago... y cantidad de viejecitos me metían en sus casas y me daban de comer... acabé enfermo y las monjas me curaron heridas... todo el mundo cuando me dio tanto, tanto, tanto... luego es que no quedaba más que dar, creo que hay que darse con generosidad, y la generosidad no se puede fingir".* Descríbese de alma xenerosa, moi dada aos demais, aspecto que lle facilitou moito as cousas. De feito, cando comezou a traballar en Escola Estudio correuse a voz de que alí traballaba Tomás, algo que tamén ocorreu á súa chegada a Escola Alfaia, e cando se meteu de cheo na Musicoterapia, tamén... *"pues por algo será. Yo intento cogerlo muy humildemente y hasta me escondo en mi casa, ¿Eh? De hecho, cuando con 51 años -el año pasado- me enfrenté a 1000 personas en el Palacio de Congresos, primero dije que no. Luego dije que sí. Cuando salí, salí con tal emoción que no sabía si iba para mi casa de la aldea o para Murcia. Y salí con un choque emocional... yo le dije a mi mujer: 'realmente no lo quiero para todos los días', aunque salió bien".* Recoñece que posiblemente sexa cuestión de adestrarse pero prefíre ter catro, quince alumnos... así argumenta por que un exceso de corazón ou de xenerosidade é para o bo pero tamén para o malo. Agora ben, sempre pesou o bo, nesa forma de ser, e a asertividade para darse aos demais, xa sexan adultos,

adolescentes ou bebés, ámbito no que comezou recentemente, *"y me dijo una amiga mía de todo corazón: 'pero no te metas en eso, eso no es para ti...'; y a mí me salió de dentro y le dije: 'mira, yo doy clases a todo lo que respire'. Me da igual que sea un bebé, que una persona que se está muriendo, que un Alzheimer, que un loco... y creo que es mi asertividad".*

Por outra banda, as súas dificultades comezan nun neno de 12 anos que abandona a escola, que non sabe multiplicar nin dividir, que se mete a traballar nunha fábrica e que logo chega a un mundo *"que le cae demasiado grande [...] eso me ha hecho sufrir también, siempre iba como a la cola de todo".* Porén nunca lle faltou traballo, e cada día chégalle máis, pero a súa sensación non era senón esa, que se tiña que ir preparando no camiño: *"la primera clase que tuve que dar era para cuatro personas, pero para mí cuatro eran multitud, era una barbaridad. Hoy en día tengo en las aulas 15-20 niños... [...] cuando yo enseñaba una síncopa o un contratiempo un lunes, lo había aprendido el sábado y el domingo. Y eso me generaba felicidad porque podía enseñarla, pero sufrimiento porque era como ir demasiado al día. Me sentí siempre como en el abismo. Lo que pasa es que decía: 'bah, si estoy en el abismo, ¿qué más da mantenerme o caerme? El caso es estar en el abismo'. Y hombre, un poquito exagerado te lo digo pero sí [...] y ahora a mis 52 años me puedo sentir a la cola de todo pero con felicidad [...]. Además es que me he hecho un puesto con dignidad y honestidad, entonces no pasa nada".* Todo elo o liga á eiva formativa... enfrontábase totalmente nu a un campo profesional, e na súa traxectoria chegou a dar con *"niños muy problemáticos, que ahora me encantan, pero en aquel momento me superaron [...] pero todo llegó a buen término. [...] Fueron los niños, que me hicieron investigar más, a acabar en el método de Willems y también a hacer cursos de psicología infantil. Lo solucioné desde lo humano, lo que pasa es que luego yo dije: 'bueno un poco de técnica...'. [...] Yo llamo técnica a conocimientos intelectuales... porque si yo tengo unos términos en mi boca mejor dichos para la gente, pues creo que me facilita, porque cada profesión tiene un argot, que creo que me merecía la pena, para la metodología, para enseñar".*

Empirismo nun certo momento debeu enfrontarse a 1000 persoas nun congreso... *"cuando lo vi me pareció enorme.[...] Si de algún sitio saqué fuerza fue acordarme de las viñas de mi padre, de mi burro, de mi establo... o sea, de lo más primario, y de lo más humilde del ser humano. [...] Yo ponía el punto final en un congreso de Infantil y Primaria. Puse de título 'Un poema sonoro'. Para dar credibilidad al asunto lo que hice fue cantar, sin saber cantar; bailar, sin saber bailar; poetizar, sin saber poetizar... y hacer un balance de los 30 años de mi vida, ficticio para los demás pero real para mí. Me inventé poemas de peregrinos, de esfuerzos, de derrotas, de éxitos, de sueños, de magia... todo era real en mí pero para los demás era un guiño. Y salió muy bonito, tan bonito como que alguna gente lloró... vino un señor de 65 años y me dijo: 'mira, me voy a jubilar, te doy un abrazo, nunca lloré en un congreso y*

hoy he llorado... [...] hiciste una cosa muy complicada, te podrías haber estrellado'. Tomás afirma que sempre xogou coa sensación de estrelarse, e se chegou a bo porto foi porque sempre intentou buscarse a vida da forma máis honesta posible. E unha vez unha vez que entrou na educación quería buscar a súa propia dignidade, os seus propios coñecementos, levar ben ao alumnado...

Aspectos que cambiaría do seu pasado. Mesmo sentíndose orgulloso da súa traxectoria e logros acadados, e aínda non arrepentíndose nin querendo cambiar nada do seu pasado, Tomás non lle desexaría o seu percorrido a ninguén. *"Mi hijo quiere ser músico y es un músico ya, pero es difícil luego realmente dar un salto, vivir de ello, y yo le digo: 'hombre, intenta dar un salto como ir a estudiar a una escuela buena, tener tus estudios'... yo no le desearía a nadie mi camino, pero yo creo que no podría hacer otro. En ese abismo me he sentido como muy Indiana Jones, me gustan las selvas, me gustan los peligros"...* Lembra que *"cuando yo monté una escuela, para muchos yo no fui más que el cocinero que montó una escuela, y entonces aprendí a hacerme muros y a sólo mirar al frente. Adoré a mis enemigos, creces con ellos un montón"*. Por todos estes motivos, Tomás non cambiaría por nada as sensacións vividas na propia pel. *"Mañana mismo voy a dar a 100 chavales que vienen de Lugo, de Ourense de Vigo [...] un curso de Musicoterapia de 10 horas, mañana y tarde. Y todas estas batallas personales son las que me van a hacer un ser como soy"*.

Conclusiones

Despois de ter sistematizado o percorrido deste profesor, cheo de idas e de vidas, podemos concluir que un exemplo de boas prácticas é quen de conectar co alumnado dunha forma especial, quen constrúe os seus propios materiais en función das necesidades que vai atopando no seu percorrido profesional e quen inclusive non deixa de cuestionarse e busca de forma incansable respostas para aquilo que ao mellor nin sequera hai. E algo que me parece digno de salientarse é que pese a ter sido un fracaso escolar e recordar a escola como algo nefasto, este profesor é exemplo de boas prácticas, pois no canto de tirar a toalla e refutar o sistema dándoo por perdido, unha vez involucrado na educación e instrución, decidiu darlle a volta a todo e facer as cousas dunha vez, ao seu entender, ben. Esta é unha razón engadida ao porqué que explica que Tomás sexa un exemplo de boas prácticas. Xa o dicía Willems: "unha das máis grandes dificultades para os xoves pedagogos desexosos de levar a cabo a nova educación consiste en liberarse mentalmente da súa educación tradicional" (Willems, 1994, p. 46). Volvendo ao concepto de praxe (Freire, 1970), quixera destacar que esta inclúe compoñentes éticos e orienta a práctica á mellora das situacións nas que se analiza. "Unha boa práctica non o é soamente porque caiba describirla así tecnicamente ou en función dos seus resultados materiais, senón porque mellora o *status quo* das cousas e das persoas" (Zabalza, 2012, p. 4). Nesta liña, Tomás entendeu que se non se liberaba dese *status quo*, o seu camiño non podería ser o da educación, sobre todo por ter experimentado en primeira

persoa o fracaso da educación -así denominada por el- directiva.

Entre os resultados máis salientables destacan a casualidade e o método Willems. Casualidade porque, cun paso aciago pola escola como alumno chegou a profesor debido a que a vida fortuitamente levouno a elo: descubriron a súa vocación e fixéronllo ver. E Willems, porque o estudo das ideas deste autor marcouno de por vida, pois non é quen de entender o ensino da música senón dende a perspectiva emocional; de feito hoxe en día tamén traballa como musicoterapeuta. A escritura continua de diarios de clase fíxolle avanzar como docente e entender mellor os seus propios pasos profesionais así como o desenvolvemento de cada alumna e alumno que pasou e pasa por el. Ante os problemas que foi atopando, Tomás destacou que foi buscando e achando solucións; e así tomando decisións dende o punto máis humano posible co que tocou. Isto ligase intimamente coa filosofía do pedagogo musical tan admirado por el, Willems, quen afirmaba que "a afectividade xogará un papel de primeira orde -ou debería xogalo- en toda educación artística" (Willems, 1994, p. 58). E moito máis cando se trata da Educación infantil, na que o obxectivo primordial que se debe buscar na Educación Musical é a realización humana e harmoniosa a través da música (Willems, 1994). E deste xeito foi configurando e tecendo a súa forma particular de traballar.

Referencias

- Ávila Álvarez, A. (2007). Histories of Life: Memory and Heritage Investigation and Method in Adults' Education, *CRIAR*. Recuperado de <http://goo.gl/r9TXLg>
- Barbosa, R., Annibal, S., Nicacio, R., & Boldarine, R. (2014). Educational Journey on the Teachers' Narrative. *Journal of Modern Education Review*, 4(7), 510-518.
- Freire, P. (1970). *Pedagogía del oprimido*. Buenos Aires: S.XXI.
- Willems, E. (1994). *El valor humano de la educación musical*. Barcelona: Paidós.
- Zabalza Beraza, M.Á. (2012). Memoria técnica do proxecto "Diseño curricular y buenas prácticas en Educación Infantil: una visión internacional, multicultural e interdisciplinar". Sen publicar.

Agradecementos

Agradezo a Tomás o seu tempo, as súas palabras e a súa dispoñibilidade por compartir con liberdade o seu quefacer profesional comigo e tamén ao Grupo GIE por permitirme crecer á súa beira.